

“...ad locum qui Humiliatorium dicitur...”

Historia compostellana. Libro 1, cap. 15.

Na Idade media, ao redor de Compostela existían varios humilladoiros que lles sinalan aos peregrinos que a súa meta está preto. O Milladoiro é o humilladoiro e a porta de entrada en Santiago do camiño portugués.

Esta condición de humilladoiro confirelle certa sacralidade. A unha legua de Compostela, os peregrinos divisaban as torres da catedral por primeira vez. A tradición di que no Milladoiro o peregrino se axeonlla humillándose ata tocar a terra coa súa cabeza, agradecéndolle ao señor Santiago permitirle chegar ata súa tumba.

O nome do Milladoiro fai referencia a esta circunstancia derivando da palabra latina *humiliatorium*. Así o designa no século XII a *Historia Compostellana* (L 1º, cap.15). No século XVI, no *Apeo vello ante Pedro de Prol*, faise referencia ao humilladoiro para situar a ermida da Madalena e a súa herdade (“hermita del umilladero del padrón hospital...”). Ramón Álvarez de la Braña na súa *Guía del viajero de Santiago* (1876), cita coma un dos límites da cidade de Santiago polo sur a altura de “Humilladero”.

No ano 858, o rei de León Ordoño I amplía de tres a seis millas a xurisdición da igrexa compostelá. O Milladoiro queda dentro deste couto xurisdiccional.

A primeira referencia escrita que atopamos do Milladoiro trasládanos ao ano 1102. O arcebispo de Santiago Diego Xelmírez, de volta da súa viaxe a Braga, trae consigo os corpos de san Cucufate, san Frutuoso, san Silvestre e santa Susana (Pío Latrocinio). Unha vez superada a raia con Portugal, o arcebispo manda aviso a Compostela para que se prepare o recibimento que as reliquias merecen. O séquito de Xelmírez e a comitiva de clérigos e cidadáns composteláns atópase no Milladoiro (“ad locum qui Humiliatorium dicitur”) e dende aquí ata Compostela van cos pés descalzos.

Ao carón do camiño érguese, probablemente no século XII ou XIII, unha ermida dedicada a santa María Madalena. Moitos son os peregrinos anónimos que atopan

refuxio nela. As pegadas dos lumes acesos no seu interior son o testemuño daqueles que fan da ermida o derradeiro alto no camiño antes de chegar a Compostela.

Non todos son viaxeiros e peregrinos descoñecidos. Ao longo dos anos, reis, nobres, clérigos, médicos, militares, na súa viaxe polo camiño portugués cara a Compostela, pasan polo Milladoiro. Algún deles deixa testemuño escrito da súa experiencia e máis dun sinala que dende o lugar que está a unha legua de Compostela van a pé.

O paso máis documentado é o da raíña santa Isabel de Portugal. A raíña é un dos peregrinos dos que fan a última legua a pé. Case trescentos anos máis tarde, Xacobe Sobieski, pai de Xoán III de Polonia, vive a mesma experiencia.

Don Henrique (1097), Sancho II de Portugal (1244), santa Isabel de Portugal (1325 e 1335), León de Rosmihal (1446), Nicolás de Polielovo (1484), Manoel I de Portugal (1502), Erich Lassota de Stevlo (1581), Confalonieri (1594), Xacobe Sobieski (1611), Cosimo III de Medici (1669), Domenico Laffi (1691), Nicola Albani (1743 e 1745)... son algúns dos nomes que constitúen a nómina de peregrinos e viaxeiros senlleiros.

Moitos peregrinos rematan a súa viaxe en precarias condicións e terminan sendo hóspedes dos diferentes hospitais que existen en Compostela. O *Hospital vello da Acibechería* é un destes refuxios de peregrinos e a ermida da Madalena está anexa a el, como consta nas visitas pastorais de 1598 e 1607.

En 1522 o arcebispo de Santiago Fonseca III, busca un edificio para o seu colexio. Os colexiais albergaranse e recibirán nel clases de Teoloxía. O lugar que necesita atópao no hospital vello, baleiro dende o ano 1509 porque os enfermos están no novo *Hospital Real* no Obradoiro. Todas as rendas que posúe o hospital vello que non son absorbidas polo hospital novo e outras rendas que se van engadindo dotan economicamente o colexio creado polo arcebispo.

A herdade da Madalena e a ermida anexas ao hospital vello quedan así vinculadas ao xerme da futura Universidade compostelá.

No ano 1555 decídese trasladar o colexio de Santiago Alfeo (ou colexio de Fonseca) á súa nova localización, agás os colexiais de Artes que fican temporalmente no hospital vello ata ter un novo emprazamento que os acolla, e así xorde o colexio de San Xerome. A ermida e a herdade da Madalena forman parte das rendas deste novo colexio. O novo edificio para o colexio de San Xerome constrúese na praza do Obradoiro e hoxe é a sede do reitorado da Universidade de Santiago.

A herdade e mais a ermida constitúen o foro da Madalena e o primeiro aforamento do que temos constancia é do ano 1539. O administrador do hospital antigo (ou hospital vello) outorga o foro da Madalena por tres voces (ou xeracións) a favor de Álvaro do Souto e da súa dona Antonia do Souto, veciños da parroquia de Biduído. A escritura realízase ante o notario Macías Vázquez o 26 de abril de 1539. Entre as condicións de aforamento están a de conservar a ermida en pé; dicir todos os anos unha misa rezada o día de santa María Madalena e as súas vésperas, e pagar os presbíteros. O pagamento do foro, dezaoito reais de prata e un cabrito, faise cada ano no hospital vello polo día de san Miguel.

Con data 6 de agosto de 1588 remátase a impresión das constitucións da Universidade de Santiago. Nelas regúlase a docencia, a vida e as rendas nos colexios de Santiago Alfeo e de San Xerome. Mándase facer un libro coas escrituras das propiedades da Universidade, entre elas a memoria dos beneficios do hospital vello (constitución 38) e sinálase que se arrende a facenda que se di do hospital vello (constitución 41). Entre os festivos que marca o calendario universitario está o 22 de xullo, santa María Madalena (constitución 50).

No ano 1595 Xoán do Souto, neto de Álvaro do Souto, reclama en primeira voz o foro da Madalena. O pagamento do foro segue a ser anual pero ascende a dezaoitos reais de prata, un cabrito e dúas galiñas.

A finais do século XVII (1696), a herdade está libre e o capitán Feliciano González, Juan e Domingo Vautis e Francisco González afórana “pola vida de tres Señores Reis de España”. O pagamento anual é de sesenta e seis reais de vellón á renda do colexio de San Xerome, cunha lutuosa (pago que se tiña que realizar ao finamento de cada rei) de vinte e catro reais.

O foro do capitán González conserva a obriga de manter a ermida en pé, preparada e cos ornamentos precisos para celebrar a misa cantada coas súas vésperas no día de santa María Madalena.

A documentación atopada no arquivo parroquial de Biduído con respecto a este foro sinala que o visitador manda encalar a capela, abrir unha porta e facer outros arranxos. Reparacións que é indispensable que custeen os aproveitadores do foral.

A mesma documentación sitúa a ermida *Domilladoyro* no camiño “dela villa del padrón” con dúas casas ao seu carón, unha delas cun monte ao lado do cruceiro do *Amilladoyro*.

A conservación da ermida está intimamente ligada co aforamento da herdade da Madalena. Isto fai que a historia da ermida e do casal que vai xurdindo no Milladoiro sexan parellas. Este casal vaise afianzando no lugar de Seidón. Nos primeiros anos do século XX chámase indistintamente Seidón ou Milladoiro e este último é o nome que prevalece ata hoxe. **FOTO DA CASA DE BARREIRO**

Co decorrer dos anos engádenselle, á misa e ás vésperas no día da santa, unha procesión que parte de diferentes puntos ao redor do Milladoiro e que concorre na ermida onde se forma a procesión principal, costume que sinala o arcebispo Gil Taboada na visita pastoral que realiza á parroquia de Biduído o 27 de xuño de 1748.

No inventario da fábrica de Biduído do ano 1753 débúxase con corenta preguntas o tipo de economía que se desenvolve na parroquia. Grazas a este inventario sabemos que no lugar de Seidón durante tres meses ao ano funciona, coa auga dun regato de Vilar, un muíño. A principal especie de árbores son os carballos. Os veciños cultivan millo, trigo, centeo, millo miúdo e liño. Nas hortas medran cebolas, cabazas e verdura ou coles galegas. Non hai plantacións de árbores froiteiras, só as que os donos plantan de xeito arbitrario. Na cabana animal destacan os bois, as vacas, os carneiros, as ovelas, as cabras, os cochos e algunha galiña.

Durante o século XVIII a ermida e os seus bens continúan ligados á Universidade de Santiago a través do colexio de San Xerome, como reflicten as rendas que ao longo deste tempo cobra o devandito colexio.

Estas e outras rendas e bens inmoebles dotan á Universidade compostelá dunha independencia económica que creba cando os gobernos liberais da primeira metade do século XIX nacionalizan os seus bens. A herdade da Madalena desvincúlase da Universidade e a ermida queda desligada da herdade, o que se traduce nun paulatino abandono desta. Mentres o casal medra e se afianza, a ermida atópase nun estado case que ruinoso. Paralelamente se vai perdendo o costume da procesión.

No ano 1863, por mor do deterioro da capela, Francisco Iglesias Brea, veciño do lugar, fai un peditorio entre os fregueses para o arranxo da ermida. Como consecuencia deses traballos auméntase en altura a fachada, constrúese a espadana con dúas campás, ábrese unha porta lateral e afiánzase a principal, encálanse e píntanse de branco o interior e máis o exterior da capela e rectificase o tellado. Restáurase a milagrosa fonte da Madalena tamén chamada Fonte-Culler. Realízase a compra do campo en fronte do templo, sete ou oito ferrados de magnífico arborado que o Concello declara “sitio de paseo e recreo”. O Concello tamén constrúe un camiño veciñal que comunica a ermida e abre un expediente para dotar O Milladoiro dunha escola elemental ao carón da capela.

Unha vez acondicionada a capela e a súa redonda, Francisco Iglesias Brea escribelle ao arcebispo de Santiago, cardeal García Cuesta, e pídelle que visite a capela aproveitando un dos seus paseos ata o Portádego do Milladoiro para que poida constatar en que condicións está a capela tras o seu arranxo. A carta ten data do 28 de maio de 1863.

A visita efectúase e como consecuencia, o arcebispo, nunha nota do 28 de xullo de 1863, restablece o antigo costume de concorrer ás procesións que saían de Biduído, Laraño e Bugallido cara á capela da Madalena onde se constitúe a principal. O arcebispo traslada a data da procesión do vinte e dous de xullo (día de santa María Madalena) ao primeiro domingo de agosto e distingue a nova imaxe da Madalena coa concesión de indulxencias.

Coa capela arranxada e unha vez celebrada a festa relixiosa na nova data, os empregados do Portádego e os veciños de Seidón-Milladoiro (da parroquia de Santa María de Biduído), Calo e Calo-vila (de San Xoán de Calo) e Porto (de Santa María de Conxo) retoman a antiga petición para que nela se poida oficiar misa os días festivos. Francisco Antonio Nuevo e Francisco Ríos Rey fan a mesma petición no ano 1854. Os veciños contan cos dictames positivos dos párrocos de Santa María de Biduído e de San Xoán de Calo. A resposta do arcebispado é positiva sempre que se cumpran unha serie de condicións que se expoñen na mesma carta remitida polos veciños.

No derradeiro terzo do século XIX continúan as vendas en poxa pública dos bens nacionalizados polo Estado. Neste proceso de venda está a casa do Portádego do Milladoiro. No *Boletín Oficial de Bienes Nacionales* publícase a súa poxa para o 29 de marzo de 1875. Descríbese a casa e os seus trebellos e sinálase que lle pertencen os muros a ambos os dous lados da estrada onde se apoia a cadea. Hoxe do Portádego do Milladoiro só quedan eses muros e son as columnas da praza da Madalena. Nelas podemos ver as pegadas de suxeición da cadea. **FOTOS DO PORTÁDEGO E DAS COLUMNAS**

O portádego é un imposto de tránsito de orixe medieval que se abona para pasar por un sitio determinado dun camiño. Por extensión chámasele portádego ao edificio onde se realiza o cobro do devandito imposto. Ata finais do século XIX aínda existen portádegos en España e un deles está no Milladoiro.

A finais do século XIX e nos primeiros anos do século XX ata a parroquia de Biduído achéganse familias foráneas para traballar as terras e nalgún caso mercar herdanzas. O Milladoiro non é alleo a este fenómeno e aquí atopan un lugar onde traballar e onde vivir integrándose como uns veciños máis da aldea. Son nomes que podemos atopar hoxe entre os naturais do vello Milladoiro.

Nos anos vinte O Milladoiro é unha aldea na Galicia rural e como tal a súa economía baséase principalmente na agricultura e no gando. Nesta economía familiar inclúese unha figura que ten unha personalidade de seu: a leiteira. Mulleres que dende nenas van a Santiago, camiñando, para vender o leite polas casas compostelás.

No seu libro *Galicia vista por un inglés*, Aubrey F. G. Bell (verán de 1920) reflicte este Milladoiro e as súas leiteiras: "...coas cántaras de leite das mulleres do mercado que chegan en tropa dende O Milladoiro, unha aldea pracenteira entre milleirais e prados a unha legua de Santiago". **FOTO DE ARGELINA**

Os primeiros anos da década dos trinta son tempos de estreia para O Milladoiro. Medra cara á capela (hoxe rúa da Madalena) e constrúese a primeira casa en 1931 (casa de Mallo). Chega a luz eléctrica e asfáltase por primeira vez a estrada. Edifícase a primeira casa con cemento armado (casa de Gamallo) e a escola trasládase da Grela ao Milladoiro no curso 1934-35. O tráfico de vehículos pola estrada é tan escaso que os rapaces xogan ao fútbol nela, parando o partido cando se achega algún vehículo.

Nos anos corenta, cincuenta e sesenta, O Milladoiro é punto de encontro no veraneo de coñecidas familias compostelás: Carreró, Díaz de Rábago, Fernández Albor,

Gamallo, García-Sabell, González Peón, Poch, Villar, Villar Iglesias. Non todas coinciden no tempo e as súas estadias teñen diferente duración. Algunhas destas familias posúen residencia propia na aldea. **FOTOS DOS VERANEANTES NO HÓRREO**

Nesta época recupera o seu antigo esplendor o rosario da Madalena e ás festas populares concorren tanto composteláns (organízase un servizo especial de autobuses dende Santiago) como festeiros das aldeas veciñas: Balcaide, Bugallido, Casal, Galanas, Laraño, Osebe, Biduído. Na ampla zona que rodea o lugar da festa son numerosos os xantares e merendas.

No rosario do domingo ofréceselles portar o estandarte a senlleiros profesionais e industriais composteláns. A recensión do rosario e da verbena é recollida pola prensa compostelá do momento.

Co ramo que acompaña á santa na procesión mantense a tradición de sortealo entre os veciños da aldea. Hoxe sortéase entre os socios da confraría da Madalena.

Nos primeiros anos da década dos sesenta existe no Milladoiro a figura do alcalde de barrio que recae na persoa de Amadeo Segade García. Valedor do ben común da aldea, é a súa responsabilidade organizar os grupos de traballo para arranxar e limpiar os camiños, para a limpeza e vixianza dos montes. Isto último, debido a veciños doutras aldeas que pretenden “levar” o molime e os piñeiros que non lles pertencen. O alcalde de barrio tamén presenta no concello a documentación dos veciños para resolver os diferentes asuntos que lles concernen aos interesados. Nesta xestións sempre vai acompañado de dous ou tres veciños que fan as veces de testemuñas.

A finais dos anos sesenta e nas décadas dos setenta e oitenta, O Milladoiro é protagonista dun certo desenvolvemento industrial e as fábricas de confección téxtiles, de mangos de vasoiras, de carpintaría de aluminio, de espellos, de estruturas de metálicas, de servizos, vanse instalando nas beiras da estrada, no camiño da capela e en Galdracháns. Dodofa, Sankime, Sussete, Forjasa, Gran Vía, Carreira SL, Cash Ifa son algúns exemplos. Nestes anos comeza dun xeito testemuñal a construción inmobiliaria.

A mediados dos anos sesenta exemplo da iniciativa local é a fábrica de mangos de vasoiras de Juan Calvo Raña; a súa empresa chega a ter algo máis de trinta empregados.

A finais dos anos sesenta e principios dos setenta tamén chegan ata O Milladoiro outro tipo de “veciños”: a primeira traída da auga (obra feita polos residentes as fins de semana) e a iluminación pública (unha reivindicación da aldea), o teléfono, a primeira oficina bancaria, a farmacia...

Nesta época aínda se ven as torres da catedral dende o que hoxe conócese como rúa Estivada de Castelao; lugar onde se concentran os veciños que queren ver os fogos do Apóstolo sen ter que desplazarse do Milladoiro.

Nunha aldea de pouco máis de douscentos habitantes a traída da auga é froito do traballo colectivo dos veciños. O 1 de decembro de 1969 o pobo réunese para formalizar nun escrito a condución da auga ata as súas casas e industrias por vía subterránea dende as fontes que doan os seus donos sen afán de lucro. As fontes coñécense polos nomes do Rei, Santa María Madalena, Fonte do Lavadero e Fonte de Cartas.

No documento especifícanse as características da traída, as condicións do traballo, os días nos que se realizan os devanditos traballos e as multas por non asistir a eles, as obrigas e os dereitos dos usuarios da auga como as dos donos das fontes e as condicións nas que se poden engadir novos usuarios ao servizo da auga.

Na *Gran Enciclopedia Gallega* no tomo 21 faise referencia ao Milladoiro como unha aldea de Biduído con 236 habitantes que dista 6,2 km da capital do concello (ano 1974).

Non podemos esquecer que O Milladoiro forma parte do camiño portugués. No ano 1984 os Amigos dos Pazos realizan unha peregrinación a Compostela que ten O

Milladoiro como lugar da última acampada. En 1993 e co fin de rehabilitar o camiño portugués e a súa historia, os Amigos del Camino Portugués de Pontevedra realizan a primeira dunha serie de peregrinacións a Compostela, que sempre teñen no Milladoiro un alto ao carón da capela.

No *Diccionario Enciclopédico Galego Universal*, editado no ano 2003, recóllese o feito de que O Milladoiro forma parte do camiño portugués e sinala que “...en Milladoiro sitúase o fito onde os peregrinos divisan por primeira vez as torres da catedral compostelá.”

O cambio radical no Milladoiro vén cos anos noventa. A aldea que en 1970 tiña censados 239 veciños, en 1991 ten unha poboación censada de 1.359 persoas. No ano 2000 no Milladoiro están censados 5251 habitantes e a 31 de decembro do ano 2005 somos preto de nove mil os veciños censados.

Desaparece a aldea e xorde unha vila. Este aumento na poboación trae consigo unha necesidade de infraestruturas e de servizos que moi amodiño, ás veces demasiado amodiño, se van engadindo á paisaxe urbana que ten agora a aldea do Milladoiro: oficina e gardaría municipais, polideportivo e piscina municipais, centro de saúde, biblioteca e centro socio-cultural.

O aumento da poboación tamén trae consigo diversificación do comercio e apertura de novas sucursais bancarias. Ao desenvolvemento urbano engádeselle a creación dun parque empresarial para industrias e almacéns non contaminantes.

Paralelamente, os veciños vanse organizando en asociacións: culturais, deportivas, relixiosas, de comerciantes, de veciños...

No ano 2000, un decreto do arcebispado de Santiago segrega O Milladoiro da parroquia de Biduído constituíndo a Comunidade Pastoral do Milladoiro e no ano 2002 instálase Cáritas Diocesana. O seu labor non só é importante para a comunidade católica; veciños doutras crenzas teñen as portas abertas en ambas as dúas institucións facendo un importante labor humanitario e integrador na comunidade.

A nova situación eclesiástica trae consigo un novo arranxo na capela. Unha restauración na que esta recupera elementos artísticos acochados en anteriores intervencións parciais levadas a cabo no século XX. Recupérase e restáurase o cruceiro da Madalena e colócase na súa localización actual.

No ano 2004 a capela da Madalena é un dos temas elexidos para ilustrar un conto infantil da colección *Os Bolechas van de viaxe* da editorial A Nosa Terra, concretamente o título *A vaca da Amaía*. **FOTO DOS BOLECHAS NO MILLADOIRO**

Se nos primeiros anos do século XX ao Milladoiro chegaron as xentes da montaña na procura dun futuro mellor, hoxe os novos veciños son, dunha banda, milleiros de familias mozas que traballan en Santiago e no seu arredor. Doutra banda, un número importante de emigrantes de todo o mundo que veñen buscando un futuro máis prometedor.

Os veciños do vello Milladoiro déronlle ao longo da historia unha personalidade de seu á súa aldea, da que se sentiron sempre orgullosos porque foi un proxecto de vida en común. Souberon facer do Milladoiro o seu fogar e formar unha comunidade viva que sempre mirou e defendeu os intereses de todos eles malia ser só unha pequena aldea.

Nas mans dos novos veciños está facer o Milladoiro do futuro, o Milladoiro no que queren vivir e como queren vivir nel e só eles son os actores e protagonistas da historia futura do...

“...umilladero del padrón hospital...”

Apeo vello ante Pedro de Prol. 1.556

"...hermita dela Madalegna sita en el dicho umilladero..."

Apeo vello ante Pedro de Prol 1556
Arquivo Histórico Universitario. Fondo histórico.

**Visita del Arcip del Giro dela Rocha q personalmte hizo el Ilm^o S^or Dn Cayetano
Gil Taboada, Arzob de Sant^o en el a^o de mil setez^o quart^a y ôcho**

Visita á parroquia de Biduído o 27 de xuño de 1748

“...Hermitas

Una dela Magdalena, en el lugr de Milladoiro de esta frâ dela que es Patrona la
Universidad, en el dia dela St^a se juntan las procesiones del contorno, hai misa cantada,
y visperas, q pagan los colonos, y foreros de un lugar de otra Universidad”...

Arquivo Histórico Diocesano
Fondo xeral
Serie Visitas pastorales

Capilla Magdn^a
en Viduido

28 julio 1863

la atención á lo qe se espone y a lo qe resulta delos antecedentes informes, concedemos qe pueda restablecerse la antigua costumbre de concurrir las procesiones de Viduido, Laraño y Bugallido á la Capilla de St^a M^a Magd^{na} sita en el lugar de Milladoiro terminos de Viduido, donde debe formarse la general qe antiguamente salia el 1^o Dom^o de Agosto de cada año comenzando en el corrote y siguiendo en los sucesivos sin intermisión. El Párroco de Viduido determinara lo conveniente p^a su cumplimiento y archivara esta determinación para qe a todo tiempo conste lo acordado

Arquivo Histórico Diocesano
Fondo xeral
Serie Varia

"...a uum lugar que é alongado da vila per a legoa, onde pareci a igreja.."

Livro que fala da boa vida que fez a Rainha de Portugal, dona Isabel.

DIEGO XELMÍREZ

c. 1065 – a. 1140

Prelado galego, primeiro arcebispo de Santiago

Unha vez que a diocese de Compostela se independiza da sé de Braga, Xelmírez visita a cidade lusa e as igrexas dependentes de Compostela recollendo as reliquias (Pío latrocinio) que nelas están depositadas, o que provoca a súa saída precipitada da cidade. Unha vez que pasou por Tui envía a Compostela aviso para que preparen o recibimento que as reliquias merecen e de aí o fervor que o pobo compostelán lles dispensa no lugar do Milladoiro.

“...E así saíndolles ao encontro os clérigos cos pés descalzos, seguidos da veciñanza de toda a cidade, foron en procesión relixiosamente ata o lugar que se chama O Milladoiro. Cando chegou alí o bispo, ordenou que se descalzasen coma el os que viñan consigo e os clérigos, segundo a súa disposición, vestidos cos sagrados ornamentos e cos pés

descalzos, recibiron os gloriosos corpos dos santos. Xunto coa multitude que lles seguía leváronos á cidade, co bispo e o clero á cabeza, no medio de himnos e cantigas de piadosa devoción, e foron colocados na igrexa de Santiago da sé compostelá”.

SANTA ISABEL DE PORTUGAL
?, 4 de xuño de 1271 – Estremoz, 4 de xullo de 1336
Infanta aragonesa, esposa de don Dionis, rei de Portugal

En xuño de 1325, seis meses despois do pasamento do seu marido, a raíña Isabel comeza unha peregrinación a Compostela na compañía de xente da súa confianza, pero ocultándolles a onde se dirixen e cal é o motivo da viaxe.

O relato desta viaxe podemos atopalo en diferentes textos e en todos eles se fai mención do seu paso polo Milladoiro. Quizais a descrición máis antiga da peregrinación sexa a do *Livro que fala da boa vida que faz a Rainha de Portugal, Dona Isabel*, relato portugués que describe o paso polo Milladoiro se ben non se cita o nome do lugar:

“...ata que nom chegou acerca de Santiago a uum logar acerca de Santiago que é alongado da vila per a legoa, onde parecia a eigreja. Foi de pee con gram devoçom ate a eigreja de Santiago,...”.

No libro II da *Crónica Seraphica del Glorioso Patriarca San Francisco de Asis*, texto de 1698, cítase esta viaxe da raíña santa a Compostela e faise referencia ao seu paso polo Milladoiro:

“... prosiguiendo su camino, quando llegó a reconecer los torreones de la Catedral Iglesia de Santiago, en distancia de una grande legua, se apeó de la litera, y besando muchas veces la tierra con devoción afectuosa, caminó a pie en reverencia del Santo Apóstol, hasta entrar en la Ciudad ...”.

A *Historia de la Santa A.M. Iglesia de Santiago de Compostela* narra o mesmo paso de Santa Isabel polo Milladoiro citando o nome do lugar (Miñadoiro) e subliñando a súa condición de humilladoiro :

“... Entrando no verán de 1326, acompañada de persoas de toda a súa confianza, encamiñouse a Compostela, pero acochando con todo coidado cal había de ser a fin da viaxe. Ao chegar ao lugar do Miñadoiro, ou sexa o humilladoiro que había a unha legua de Santiago na estrada de Padrón, dende onde se divisaban as torres da Igrexa compostelá, apeouse e seguiu a pé ata chegar á Catedral.”

A descrición que fai Fernández del Riego no seu libro *As peregrinacións Xacobeas* é similar:

“...despois de visitar todos os lugares tradicionais chegou ao Milladoiro, a unha legua de Compostela. Ao albiscar desde alí as torres basilicais, baixou da besta e camiñou a pé ata a catedral...”.

Hai noticias dunha segunda peregrinación no ano santo de 1335. Nesta ocasión a raíña fai o camiño como unha pobre romeira, sen corte e a pé, pedindo esmola e preocupada pola salvación da súa alma.

De volta a Portugal diríxese cara a Extremos, onde morre o 4 de xullo de 1336.

No edificio Palmira, na avenida Rosalía de Castro, un mosaico recolle o paso de Santa Isabel de Portugal polo Milladoiro: **FOTOS DO MOSAICO**

“Despois de visita-los lugares tradicionais chegou ó Milladoiro, lugar de humillación que había a unha legua de Compostela e ó albiscar as torres basilicais

apeouse da besta, bicou o chan e orou diante da fermosa talla de María Magdalena que venerase na capela do século XII e dende alí continuou cara Compostela a pé”.

León de Rosmihal de Blatna
Nobre bohemio
Viaxa por España e Portugal do ano 1465 a 1467

“De Padrón a Santiago hai catro millas (1) de camiño montañoso, xunto ao cal, baixo uns tileiros, que son árbores de notable frondosidade e beleza, nace unha fonte, da que adoitaba beber Santiago, cando repousaba naquel aveseado; de aquí á cidade hai unha milla; nós repousamos baixo aquelas árbores e bebemos da fonte; é común crenza que os que beben desta auga, baixo a protección do divino Santiago, están libres durante todo o ano do perigo de ter quenturas.”

Xacobe Sobieski
Nobre polaco. Pai do rei electo Xoán III de Polonia
Fai o camiño portugués no ano 1611

Compostela

“A catro millas do camiño, célebre polo sepulcro de Santiago. Dende unha legua de distancia antes de chegar a esta cidade íamos a pé.” (2)